

Sumario | nº29 – Xullo 2023

3MT®

**3MT - Premios ás
mellores explicacións
das teses en menos
de 3 minutos**



EDIUS **NOVAS**

**A autorización para a
defensa das teses farase
de xeito telemático** ↗

EDIUS **NOVAS**

**Novo espazo de intranet
para os programas
de doutoramento** ↗

*Valora a importancia que ten para ti a transferencia á
sociedade dos coñecementos da investigación académica*

PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO 2020/21

Discurso de María Cruz Negreira Rey, representante
das persoas premiadas

**Un recoñecemento para confiar
no camiño que vén** ↗

EDIUS **NOVAS**

**As sociedades españolas de Ciencias
Forestais e do Solo distinguen dúas
teses de doutoramento da EPS
de Enxeñaría** ↗



EDIUS **NOVAS**

**José Manuel González
obtén o premio Lilly
de investigación** ↗



EDIUS **NOVAS**

**O éxito acadado na
primeira edición do 'Sprint
de innovación' da EDIUS
garante a súa continuidade
nos vindeiros cursos** ↗

OPINIÓN

**Os estudos
de doutoramento
en biodiversidade
nun escenario
de cambio global** ↗

EDIUS **NOVAS**

**Elixidos os membros da
Comisión Sectorial e da Comisión
de Calidade da EDIUS** ↗

EDIUS **NOVAS**

**Documento de Actividades
e Informes Anuais** ↗

EDIUS **NOVAS**

**A USC institucionalizará a entrega
dos Premios Extraordinarios
de Doutoramento** ↗


EDIUS NOVAS

A autorización para a defensa das teses farase de xeito telemático

O pasado 26 de xuño entrou en funcionamento unha nova funcionalidade no módulo de tese de doutoramento, dentro da aplicación Xes-campus. Esta permite que os/as directores/as e titores/as autoricen a solicitude de defensa de tese dos seus estudantes de doutoramento cun simple click. Este é o motivo polo que desaparece o documento de “Autorización do Director”.

O funcionamento desta mellora consiste en que as persoas que dirixen teses, tanto da USC como externos, así como os titores e titoras recibirán un **correo electrónico** cunha ligazón á información de “solicitude de defensa” na que se recollen todos os datos derivados da modalidade de tese de doutoramento. Nesta páxina poderán, a través dunha ligazón, supervisar o exemplar da tese de doutoramento e a través dun click poderán autorizar ou rexeitar a solicitude. Por outra banda, os perfís autorizados terán acceso a esta información e seguirán autorizando como até agora, a través da súa **Secretaría Virtual**.

Esta mellora afecta a todos os/as doutorandos/as que inicien a súa solicitude de defensa de tese pola súa Secretaría Virtual, así como aos que teñen a solicitude en **preparación** xa que, terán que adaptarse a este novo sistema de **autorización telemática**.



The screenshot shows the USC logo in the top left corner and the text 'ES' in the top right corner. The main heading is 'Sistema de identificación centralizado'. Below this, there is a dark blue box with white text titled 'Identificación con credenciales de la USC'. To the right of this box, there is a white arrow pointing up and to the right. Further to the right, there is a light blue box containing text in Spanish explaining the access requirements and providing links for more information and password recovery.

Identificación con credenciales de la USC

Para todas aquellas personas pertenecientes a la comunidad universitaria que disponen de un nombre de identificación y una clave para acceder a los sistemas de la Universidad de Santiago de Compostela.

El acceso a esta aplicación está restringida a los/as usuarios/as autorizados/as. Si usted está autorizado/a para utilizar la aplicación debe introducir sus credenciales.

Si usted está autorizado/a para acceder a esta aplicación pero no consigue identificarse, consulte a [información disponible sobre identificación en la USC](#) o póngase en contacto con el [Centro de Atención a Usuarios de la USC](#).

Si usted está suscrito al programa de comunicación de cualificaciones al móvil puede [solicitar el envío al móvil de su contraseña](#).

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Novo espazo de intranet para os programas de doutoramento

Novas ferramentas para mellorar e axilizar toda a comunicación e trámites do proceso de doutoramento.



A EDIUS segue a traballar na incorporación de novas ferramentas para mellorar e axilizar toda a comunicación e trámites do proceso de doutoramento. Neste senso, a Escola vén de crear un novo espazo de intranet para todos os programas de doutoramento.

Foi na reunión do Comité de Dirección do 8 de xuño cando se coñeceron as ligazóns de acceso ás intranets de cada programa de doutoramento da USC. As intranets, a modo de espazos web accesibles para o PDI e doutorandos/as do programa, permitirán aos programas ofrecer unha infor-

mación máis completa que a que figura nas páxinas web propias, orientada a un grupo de usuarios con vinculación directa ao Programa de Doutoramento.

As persoas responsables das intranets son os/as correspondentes coordinadores e coordinadoras de cada PD, puidendo solicitar os permisos de edición ao CAU a través do enderezo electrónico cau@usc.gal para aquelas persoas que consideren. Inicialmente, está previsto conceder permisos de edición ao/á coordinador/a, ao/á secretario/a da CAPD e ao PAS de apoio de cada programa.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Elixidos os membros da Comisión Sectorial e da Comisión de Calidade da EDIUS

Unha das primeiras cousas que hai que decidir na fase de redacción dunha tese é o idioma no que esta se vai redactar.

Xa foron elixidas as persoas que formarán parte das comisións delegadas da EDIUS: a Comisión Sectorial e A Comisión de Calidade. A elección realizouse tras recoller as candidaturas por parte dos representantes do sector dos/as doutorandos/as do Comité de Dirección recentemente elixido.

Desta forma quedan elixidos os/as seguintes representantes en cada un dos órganos colexiados mencionados:

SECCIÓN ARTES E HUMANIDADES	
Gregores Pereira, Paula	Comisión Sectorial
Pérez Martínez, Noelia	Comisión Sectorial
Guisantes Alonso, Miguel	Comisión de Calidade
SECCIÓN CIENCIAS E ENXEÑARÍAS	
Calvo Tiapa, Arturo	Comisión Sectorial
Nóvoa Fernández, Julio	Comisión Sectorial
Pacín Salvador, María do Carme	Comisión de Calidade
SECCIÓN CIENCIAS DA SAÚDE	
Andújar Arias, Antonio	Comisión Sectorial
Candal Pedreira, Cristina	Comisión Sectorial
Rey Brandariz, Julia	Comisión de Calidade
SECCIÓN CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	
López Bermúdez, Francisco	Comisión Sectorial
Martínez Cabrera, Helena	Comisión Sectorial
Lorenzo Rey, Álvaro	Comisión de Calidade

A candidatura de Sara Calvete Lorenzo da Sección de Ciencias Sociais e Xurídicas que non formará parte destes órganos, proporase no seguinte Comité de Dirección para formar parte do grupo de traballo que se creará coa finalidade de mellorar a resolución de conflitos dentro das distintas áreas dos estudos de doutoramento.

[↩ Ir ao sumario](#)



Jesús Domínguez
Conde

Profesor Titular de Zooloxía. Coordinador do Programa de Doutoramento Biodiversidade e Conservación do Medio Natural.

«Coas taxas actuais de extinción de especies, moitas desaparecerán da Terra sen que tan sequera fosen descritas para a ciencia»

[↩ Ir ao sumario](#)

OPINIÓN

Os estudos de doutoramento en biodiversidade nun escenario de cambio global

O Planeta está inmerso nun escenario de cambio global extraordinariamente preocupante. Asistimos a unha acelerada perda de biodiversidade, inducida pola actividade humana e identificada como un proceso de extinción masiva, a Sexta Extinción ou Extinción Holocénica. Desde mediados do século XVII describiuse apenas o 14% das especies terrestres estimadas para o Planeta e só o 9% das especies mariñas. Coas taxas actuais de extinción de especies, moitas desaparecerán da Terra sen que tan sequera fosen descritas para a ciencia. Mesmo en rexións situadas en latitudes temperadas, como é o caso da península Ibérica, o coñecemento da riqueza de flora e fauna é aínda incompleto.

Neste contexto, salientamos a importancia da formación de doutores e doutoras especialistas no estudo da biodiversidade, non só no seu aspecto máis básico e necesario, o taxonómico, senón tamén en todas aquelas facetas que permiten explicar a distribución dos seres vivos, a súa adaptación ao medio e as súas respostas fronte a factores de orixe antrópico impulsores do cambio global, tales como o incremento dos niveis de CO₂ atmosférico, o cambio climático, a fragmentación dos hábitats, a explotación de especies, as invasións de especies exóticas e a eutrofización. Desgraciadamente, as áreas de coñecemento vinculadas ao noso Programa sufriron estes anos o mal xeneralizado de amortización de prazas de profesorado, provocando a desaparición de liñas de investigación centradas no estudo de flora e fauna que sería moi necesario recuperar.

EDIUS **NOVAS**

A USC institucionalizará a entrega dos Premios Extraordinarios de Doutoramento

O acto tivo lugar o martes 13 de xuño durante a clausura do X Encontro da Mocidade Investigadora.



O reitor da USC, Antonio López, fixo entrega de diplomas ás persoas que este ano foron recoñecidas co Premio Extraordinario de Doutoramento 2020-2021. O acto tivo lugar o martes 13 de xuño durante a clausura do X Encontro da Mocidade Investigadora, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus compostelán.

Un total de 34 persoas recibiron este premio nun acto presidido polo reitor da USC, Antonio López Díaz; o director da EDIUS, Pablo Taboada Antelo; e a vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso. É a primeira vez que estes galardóns se entregan de xeito oficial na USC. O reitor considera que este ano “quixemos poñer en valor a quen demostra a excelencia no seu traballo”. Antonio López lembrou que preto de 2.600 persoas están matriculadas na Escola Internacional de Doutoramento da USC, cunha media de máis de 300 teses presentadas cada ano. Por iso, comprometeuse a “institucionalizar este recoñecemento para facelo visible”.

Ás persoas premiadas con esta distinción, Antonio López díxolles que son doutores e doutoras “por unha magnífica universidade e ese é un moi bo aval para o futuro”.

[↩ Ir ao sumario](#)



PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO 2020/21

Discurso de María Cruz Negreira Rey, representante das persoas premiadas

Un recoñecemento para confiar no camiño que vén



María Cruz Negreira Rey

Recibimos o Premio Extraordinario de Doutoramento 34 doutoras e doutores polas teses que defendemos ao longo do curso 2020-2021, das súbareas de filoloxía, filosofía e lingüística; historia, xeografía e artes; bioloxía e ciencias da natureza; enxeñarías; física; matemáticas; química e tecnoloxía química; ciencias da saúde; educación e comunicación; dereito e políticas; economía; e psicoloxía.

Aínda que vimos de áreas de coñecemento moi distintas, coido que o noso camiño como estudantes de doutoramento seguramente tivo moito de experiencia común neste fogar da Universidade de Santiago de Compostela.

Digo fogar porque a universidade é, seguramente, un dos lugares ou o lugar que máis espazo ocupou na nosa mente e no noso tempo durante o doutoramento. O lugar común no que comezamos con ilusión a nosa etapa de investigadoras e investigadores en formación, no que presentamos os primeiros traballos en congresos, no que nos formamos en cursos de especialización, no que celebramos as nosas primeiras publicacións e nos enfrontamos ás primeiras clases. Tamén, no que evolucionamos a nivel persoal e no que construímos relacións cos nosos compañeiros, directores, titores e persoal dos nosos centros, pode que hoxe persoas imprescindibles no noso traballo e na nosa vida.

Neste espazo aprendemos a convivir coa incerteza, sentimos medo e inseguridade ao crérmonos impostores e chegámonos a sentir sós en moitos momentos. Puidemos sufrir a competitividade, frustrámonos cos proxectos que non saen ben ou que son rexeitados, ou crer que non seríamos capaces de acadar o obxectivo que perseguimos durante anos. Mesmo pensar, en máis dunha ocasión, en deixalo todo e emprender outro camiño.

Ao doutoramento dedicámoslle varios anos das nosas vidas, sacrificando parte do tempo que teriamos para compartir coas nosas familias e amizades, ou para desenvolver outras actividades que tamén nos gustan e realizan. Detrás de cada tese hai unha historia distinta, pero hai un percorrido máis ou menos longo no que nos pode tocar convivir con situacións persoais e familiares adversas. Tamén con motivos de felicidade, como a maternidade, que sen dúbida lle suman heroicidade ao doutoramento.

[↩ Ir ao sumario](#)

«Se tedes claro o obxectivo, intentade volver a el nos momentos nos que perdades a motivación»



Nestes anos puxemos a nosa paixón, esforzo, perseveranza, recursos, aprendizaxe e coñecemento ao servizo das nosas investigacións e da USC. Este premio de doutoramento é un recoñecemento ás nosas teses, pero tamén á produción científica en publicacións de impacto, ás estadías e accións de internacionalización, á innovación e á transferencia. Por todo iso, creo que podemos darnos uns merecidos parabéns. Aínda que as dinámicas da investigación nos leven en moitas ocasións a pensar máis no que nos queda por acadar que no conseguido, merecemos a satisfacción polo traballo realizado.

Os parabéns son tamén para todas as doutoras e doutores, porque chegar á meta da tese de doutoramento xa é un premio en si mesmo. Tamén para os agora doutorandos e doutorandas, non vos esquezades

de celebrar cada logro por pequeno que vos pareza. O camiño non vai ser sempre o que nos gustaría nin o máis rápido, pero pode percorrerse. Se tedes claro o obxectivo, intentade volver a el nos momentos nos que perdades a motivación.

Este premio é un bo motivo para lembrarnos das compañeiras e compañeiros que abandonaron o doutoramento por non poder compatibilizalo cos seus traballos ou por ter situacións persoais difíciles. Este recoñecemento podería ser tamén deles. Debemos seguir reclamando máis oportunidades para a contratación de investigadores dende a etapa inicial do doutoramento, que permitan comezar a carreira con certa seguridade.

O Premio Extraordinario de Doutoramento é o mellor dos motivos

[↩ Ir ao sumario](#)

para agradecerlles o apoio aos nosos directores e directoras de tese, a todas as persoas que nos deron oportunidades, a quen nos acompañou nos bos momentos e nos máis difíciles. É unha boa razón para recoñecer que os resultados do noso traballo xeran valor na universidade. Un coñecemento que construímos grazas, en boa medida, ao financiamento público na etapa predoutoral e posdoutoral, nos nosos grupos e proxectos de investigación. Por iso o noso traballo debe ter valor na academia, pero tamén fóra dela, para que cobre o sentido que debe ter, que é darlle servizo á sociedade.



«É unha boa razón para recoñecer que os resultados do noso traballo xeran valor na universidade»

3MT®

3MT - Premios ás mellores explicacións das teses en menos de 3 minutos

AO pasado 14 de xuño, celebrouse na Nave de Vidán de Santiago de Compostela a Gran Final da segunda edición do concurso **Three Minute Thesis (3MT®)** da USC, un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento.

Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008, 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes.

Das 19 persoas que se presentaron á edición deste ano, un total de 11 pasaron á final. Todas elas tiveron que expoñer o contido do seu traballo diante dun xurado e do público asistente, respectando o tempo (3 minutos) e o guiión do traballo presentado previamente en formato vídeo. Aínda que a idea inicial era entregar un premio por cada área (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñaría; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais), o xurado finalmente concedeu un premio *ex aequo* na sección de Ciencias da Saúde.

Estes son os doutorandos e doutorandas gañadores/as desta nova edición do concurso:

Nome	PD	Título da tese
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS		
Rocío del Pilar Sosa Fernández	Comunicación e Información Contemporánea	Potencial educativo de las tecnologías inmersivas en la educación universitaria
ARTES E HUMANIDADES		
Xosé Ramón Cisneros Pérez	Historia, Xeografía e Historia da Arte	O museo 3.0 en España: redes sociais e medios dixitais na difusión do patrimonio museístico
CIENCIAS DA SAÚDE		
Silvia Aranda García	Investigación Clínica en Medicina	Teleasistencia y teleformación audiovisual en las emergencias mediante gafas inteligentes
Uxía Yañez Ramil	Medicina e Sanidade Veterinaria	Ecografía en modo Doppler: unha ferramenta para a mellora da eficiencia reprodutiva no gando vacún
CIENCIAS E ENXEÑARÍAS		
Ángela Arnosa Prieto	Ciencia de Materiais	Diseño e caracterización de materiais nanoestructurados e nanocomposites para aplicacións biomédicas, catalíticas e electro-ópticas

[↩ Ir ao sumario](#)



Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. Unha boa construción do discurso e a súa presentación oral son a parte esencial da competición, onde a posta en escena ten que estar reducida ao mínimo.



[↩ Ir ao sumario](#)

A EDIUS premiou aos doutorandos e doutorandas gañadores cun cheque por valor de 250€ e uns auriculares sen fíos.


O xurado estivo composto polos subdirectores e subdirectoras da EDIUS e por dous profesores da USC:

- Artes e Humanidades: Dolores Vilavedra Fernández
- Ciencias e Enxeñarías: Eugenio Vázquez Sentís
- Ciencias da Saúde: José Manuel Cifuentes Martínez
- Ciencias Sociais e Xurídicas: José Miguel Túñez López
- Marta Rodríguez Castro: Profesora na Facultade de CC. da Comunicación
- Roi Méndez Fernández: Profesor na Facultade de CC. da Comunicación



3MT®


Valora a importancia que ten para ti a transferencia á sociedade dos coñecementos da investigación académica



XOSÉ RAMÓN CISNEROS PÉREZ

*No eido de Artes e Humanidades, o vencedor do certame 'Teses en tres minutos' foi Xosé Ramón Cisneros Pérez, quen está a desenvolver a tese "O museo 3.0 en España: redes sociais e medios dixitais na difusión do patrimonio museístico", no programa de doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte. **Podes ver a súa exposición aquí.***

Hai uns días díxéronme, durante unha entrevista, que as teses non deben quedar aparcadas nun estante ao seu remate, e é certo! Eu investigo sobre museos, e do mesmo modo que estes teñen unhas coleccións maravillosas que amosar, as nosas teses tamén teñen moito que dicir. Amosar os resultados do teu traballo e ver como poden mellorar algún aspecto da sociedade é do máis fermoso que nos pode dar a investigación, e por iso é importante, porque contribúen a facer deste un mundo mellor.



UXÍA YÁÑEZ RAMIL

*A exposición do traballo "Ecografía en modo Doppler: unha ferramenta para a mellora da eficiencia reprodutiva no gando vacún", que desenvolve ao abeiro do programa de doutoramento titulado Medicina e Sanidade Veterinaria, valeulle a Uxía Yáñez Ramil un dos premios do certame 'Teses en tres minutos' na Área de Ciencias da Saúde. **Podes ver a súa exposición aquí.***

Considero que a transferencia dos resultados de investigación á sociedade é unha parte fundamental desta. Para min, a finalidade de investigar é poder avanzar, tanto na área na que se estea desenvolvendo ese traballo como na sociedade en xeral, polo que é indispensable facerlle chegar a información nova dun xeito amigable e que poida ser comprendido por calquera persoa non especialista no tema.



SILVIA ARANDA-GARCÍA

*Coa súa presentación da tese "Teleasistencia e teleformación audiovisual nas emerxencias mediante lentes intelixentes", no programa Investigación Clínica en Medicina, Silvia Aranda García fíxose cun dos dous premios que o certame outorgou na Área de Ciencias da Saúde. **Podes ver a súa exposición aquí.***

Facemos a nosa investigación pensando en que poida ser útil para a sociedade, pois a nosa motivación é axudar ás persoas. No noso caso, investigamos para ver como as novas tecnoloxías da comunicación con gafas intelixentes poden axudar á cidadanía se se encontra cunha emerxencia e a ambulancia está lonxe. É por iso que é vital que os nosos descubrimentos cheguen á poboación. Non serve con que se queden no "caixón" dos investigadores.

↩ [Ir ao sumario](#)

3MT®

Valora a importancia que ten para ti a transferencia á sociedade dos coñecementos da investigación académica



ROCÍO DEL PILAR SOSA FERNÁNDEZ

Ao abeiro do programa de doutoramento Comunicación e Información Contemporánea, Rocío del Pilar Sosa Fernández impúxose na área de Ciencias Sociais e Xurídicas ao expoñer o traballo que está a desenvolver no marco da súa tese de doutoramento titulada “Potencial educativo das tecnoloxías inmersivas na educación universitaria”. [Podes ver a súa exposición aquí.](#)

Durante o doutoramento é habitual sentir que te atopas nunha burbulla, onde só quen dirixe a túa tese e ti comprendedes a investigación. Sen embargo, ao compartir o coñecemento cos demais dunha maneira simple, podes visualizar a relevancia do teu labor para a sociedade. Sobre todo, porque as investigacións contribúen a mellorar a sociedade, independentemente da área académica. Polo tanto, é necesario romper a burbulla para así non deixar a información encapsulada.



ÁNGELA ARNOSA PRIETO

Na Área de Ciencias e Enxeñaría, Ángela Arnosa Prieto gañou o certame 'Teses en Tres Minutos' logo de expoñer a temática da súa tese titulada “Deseño e caracterización de materiais nanoestruturados e nanocomposites para aplicacións biomédicas, catalíticas e electro-óptica”, pertencente ao programa da USC en Ciencia de Materiais. [Podes ver a súa exposición aquí.](#)

Os avances científicos que se desenvolven na investigación académica repercuten na sociedade dun xeito ou doutro, e é que a investigación e a sociedade van da man. Como exemplo podemos pensar nas vacinas e a pandemia que acabamos de vivir. Por iso é de grande importancia que se incentive a divulgación dos proxectos que os investigadores e investigadoras están a desenvolver con iniciativas como o 3MT.



EDIUS NOVAS

Teses en Twitter

O fío de Silvia Aranda García seleccionado pola USC non pasou á fase final, na que unha doutoranda de Vigo se fixo cun dos tres primeiros premios.

Desvelados os premiados da terceira edición do concurso de divulgación científica en redes sociais **#HiloTesis**. O fallo do xurado, anunciado o pasado 6 de xuño por **Crue Universidades Españolas** e a **Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga)** de **Crue I+D+i**, revelou os estudantes que lograron a vitoria. Nesta ocasión, as **universidades de Vigo, Autónoma de Madrid e Castilla-La Mancha** teñen moito que celebrar, pois brindaron os tres gañadores.

Vanesa Sanz Llorens, da Universidade de Vigo, presentou un fío ecolóxico sobre **“Protección medioambiental a través de la conversión de basura en gelatina”**. Na súa innovadora investigación, Vanesa explorou como o lixo pode ser transformado nunha substancia xelatinosa que podería ter múltiples aplicacións na protección do medio ambiente. O seu enfoque creativo e as súas solucións sostibles impresionaron ao xurado do **#HiloTesis**, e lle aseguraron un dos premios.

Tamara Esquivel Martín, estudante da Universidad Autónoma de Madrid, é outra das gañadoras co seu fío sobre **“La brecha entre investigación educativa y praxis docente real en las aulas de Biología de ESO y Bachillerato”**. No seu traballo, Tamara abordou a preocupante desconexión entre a investigación académica e a realidade das aulas, especificamente na ensinanza da división celular con imaxes reais. O seu enfoque analítico e o seu chamado a unha maior integración entre a teoría e a práctica



↩ Ir ao sumario

V

Vanesa Sanz Llorens
@VaneSanzLlo

¿Quieres que te cuente como lo he hecho?
Quédate en este hilo donde descubrirás los secretos de esta transformación y otras curiosidades de mi tesis doctoral 🧪
¡Acompáñame!



educativa fixo que resultara gañadora doutro dos premios.

José Javier Paulet González, da Universidad de Castilla-La Mancha, sorprendeu co seu fío sobre **“Computación cuántica aplicada a problemas de búsqueda”**. Na súa investigación, José Javier explorou as posibilidades revolucionarias da computación cuántica no ámbito da busca e resolución de problemas complexos. O seu particular punto de vista, con Celia Cuántica á cabeza, fixérono merecedor doutros dos premios **#HiloTesis 2023**.

MENCIÓNES ESPECIAIS

Na USC, foron un total de dez persoas as que presentaron as súas propostas. O xurado da universidade compostelá seleccionou o fío de Silvia Aranda García (@silviaaranda46), do Programa de Investigación Clínica e Medicina, que actualmente está realizando a súa tese titulada **“Telasistencia e teleformación audiovisual en emerxencias a través de lentes intelixentes”**.

EDIUS **NOVAS**

O éxito acadado na primeira edición do *'Sprint de innovación'* da EDIUS garante a súa continuidade nos vindeiros cursos



Foron catro sesións ao longo dos meses de maio e xuño.

A primeira edición do *'Sprint de innovación'* pechou superando as expectativas iniciais da organización. Foron catro sesións ao longo dos meses de maio e xuño nas que coordinadores/as e estudiantado de doutoramento traballaron conxuntamente na resolución dun reto empresarial real, fomentando, deste xeito, a transferencia de coñecemento e reforzando os vínculos da USC co tecido empresarial.

Nesta primeira edición, as empresas que colaboraron foron o **Grupo Malasa**, do sector do *retail*, hoteleiro, restauración e vivendas privadas; e **Tecalis**, de innovación tecnolóxica. Noelia Rodríguez, experta en asesoramento a entidades empresariais e educativas nas áreas de innovación estratéxica, deseño de negocio (*Business Design*) e emprendemento, foi unha das coordinadoras deste *Sprint*. Tras o remate da actividade, destaca a “moi boa” resposta conseguida tanto por parte das empresas como do alumnado, superándose amplamente as expectativas tamén a nivel da repercusión.

[↩ Ir ao sumario](#)

A idea é que esta iniciativa teña continuidade no tempo, intentando que se poida repetir cada ano. Este ano, participaron no ‘Sprint de innovación’ 24 persoas. Noelia Rodríguez sinala que moitas delas mostráronse dispostas a facer de “embaixadoras” para animar a outros compañeiros e compañeiras a participar en vindeiras edicións. Segundo Rodríguez, o obxectivo é “crear unha rede de empresas colaboradoras” para conseguir mellorar a transferencia de coñecemento da Universidade cara ás empresas.

Isabel Neira, coordinadora de Formación da EDIUS, tamén mostra a súa satisfacción polo éxito acadado nesta experiencia pioneira da Escola de Doutoramento, encadrada dentro da programación da EDIUS Conecta e que conta coa colaboración da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (**AVTE**) da universidade compostelá. Neira explica que “esta experiencia de achegar ás empresas o potencial dos doutores e doutoras da USC é unha aposta que terá continuidade no futuro”. A idea, engade, é ampliar tanto o número de prazas para alumnado como de empresas que queiran colaborar.

«Esta experiencia de achegar ás empresas o potencial dos doutores e doutoras da USC é unha aposta que terá continuidade no futuro»

A opinión do alumnado tamén é moi positiva. Alejandro David Varela Dopico é un dos alumnos da EDIUS que asistiu ao Sprint. Afirmar que a actividade lle resultou “moi interesante xa que me obrigou a saír da miña “zona de confort” ao enfrontarme a unha problemática moito máis práctica e allea ao meu campo de traballo”. Varela Dopico explica que, ademais, “puiden dar uso a coñecementos e ferramentas aprendidas ao longo da miña formación académica que realmente poderían ter cabida dentro da empresa privada”.

Luna Mariangel é outra das alumnas que asistiu á actividade. Opina que a iniciativa lle serviu “para xerar solucións a problemáticas de outro ámbito que non é a miña especialidade”, engadindo que lle permitiu “coñecer o traballo a nivel industrial”.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

As sociedades españolas de Ciencias Forestais e do Solo distinguen dúas teses de doutoramento da EPS de Enxeñaría

As sociedades españolas de Ciencias Forestais e de Ciencias do Solo distinguen ás investigacións de doutoramento desenvolvidas e presentadas na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC por Juan Alberto Molina Valero e Manuel Conde Cid, segundo se desprende das resolucións xa publicadas polas dúas entidades científicas respecto das súas últimas convocatorias de premios ás mellores teses de doutoramento sobre temática forestal e de solos.



O enxeñeiro de Montes Juan Alberto Molina Valero acadou este recoñecemento pola tese de doutoramento “Modelización da perturbación sobre o stock de carbono en masas naturais a partir do IFN e datos de teledetección, para a avaliación dos efectos das perturbacións”. Nesta investigación, dirixida polos profesores na EPS de Enxeñaría da USC Juan Gabriel Álvarez, do grupo Uxafores, e César Pérez Cruzado (PROePLA) e desenvolvida no marco do proxecto Forestchange, Molina Valero conclúe que as masas forestais “moi maduras” non son as que acumulan máis carbono, senón que esta capacidade corresponde a masas que se atopan en estados anteriores de maduración.

O investigador do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo da Universidade de Vigo, Manuel Conde Cid, que desenvolveu a tese de doutoramento “Mecanismos de retención, transporte e degradación de antibióticos en solos agrícolas” ao abeiro dun proxecto liderado pola catedrática da USC na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría Esperanza Álvarez, vén de ser recoñecido co Premio da Sociedade Española de Ciencias do Solo á mellor tese de doutoramento na convocatoria de 2022.

Na súa investigación doutoral, codirixida por Esperanza Álvarez xunto co tamén catedrático do Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da UVigo Manuel Arias Estévez, Conde Cid afonda nos múltiples riscos derivados do emprego de antibióticos en medicina veterinaria, tal e como poden ser a xeración e a proliferación de bacterias resistentes, a toxicidade sobre os organismos non obxectivos e a incorporación destes compoñentes tóxicos na cadea alimentaria a través das augas e dos alimentos cultivados.

O novo recoñecemento das sociedades españolas de Ciencias Forestais e do Solo ás investigacións desenvolvidas na EPS de Enxeñaría, a través da distinción de dúas das teses de doutoramento realizadas e dirixidas por docentes e investigadores deste centro universitario da USC, pon en valor a calidade da I+D+i do Campus Terra da USC nos ámbitos agroforestal e alimentario.

[↩ Ir ao sumario](#)


EDIUS NOVAS

José Manuel González obtén o premio Lilly de investigación

José Manuel González González, investigador do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC (**CiQUS**), acaba de ser galardoado no marco dos premios de investigación para alumnado de doutoramento que outorga a Real Sociedade Española de Química (RSEQ) e a farmacéutica Lilly. O investigador do CiQUS leva a cabo a súa tese de doutoramento baixo a supervisión dos profesores José Luis Mascareñas e Moisés Gulías.

A tese de José Manuel González céntrase no desenvolvemento de novas reaccións químicas que permitan a síntese química de heterociclos nitroxenados de forma enantioselectiva. Os heterociclos nitroxenados, compostos en forma de anel que inclúen átomos de nitróxeno, constitúen un dos elementos principais na estrutura molecular de moitos fármacos e moléculas bioactivas. Moitos destes compostos presentan quiralidade, de modo que existen en dúas formas enantioméricas, é dicir, como dúas imaxes especulares. Con todo, resulta habitual que só unha destas formas enantioméricas posúa a actividade biolóxica desexada. Acceder de forma selectiva a un destes enantiómeros representa un gran reto científico e, normalmente, precisa moitas etapas sintéticas para conseguilo.

Os métodos de sínteses que desenvolve José Manuel González no grupo MetBioCat "baséanse na activación catalítica de ligazóns carbono-hidróxeno, as cales son moi inertes quimicamente e, ademais, son as ligazóns máis abundantes das moléculas orgánicas, e por tanto da natureza. Estes métodos representan unha maneira directa,



eficiente e respectuosa co medio ambiente”, explica o investigador. Utilizando catalizadores de paladio, no laboratorio conseguiron desenvolver un método para a construción de esqueletos de tetrahidropiridina quirais, así como unha metodoloxía nova para a formación de benzazepinas, unha molécula bioactiva de grande interese.

Xunto ao investigador do CiQUS, resultaron premiados tamén Wei Wen Chen Chen, do Institut Químic de Sarrià (IQS-URL) e o Institut de Química Avançada de Catalunya (IQAC-CSIC) e Roberto do Río Rodríguez, da Universidade Autónoma de Madrid. Enfocadas na área química da metodoloxía sintética, as tres teses buscan desenvolver ferramentas para transformar as ligazóns químicas e lograr que estes sexan máis sostibles, un aspecto imprescindible no deseño de novos fármacos. Para todos eles, o premio supón un respaldo e recoñecemento ao traballo de investigación realizado durante estes anos xunto cos seus colaboradores/as e directores/as de tese.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

O investigador Edgard Camarós, elixido para formar parte da Academia Joven de España

O investigador do departamento de Historia da USC, Edgard Camarós, acaba de ser elixido para formar parte da Academia Joven de España, logo de ser avaliado por un comité internacional de especialistas. O obxectivo desta institución, nacida en 2019, consiste en outorgar visibilidade á mocidade investigadora e fomentar a vocación científica en idades temperás.

Camarós, investigador Ramón y Cajal na USC dende comezos de ano, foi tamén investigador Marie Curie na Universidade de Cambridge. A súa liña de investigación é o estudo dos restos humanos prehistóricos e a evolución humana en Europa e África. É director do proxecto arqueolóxico na cova de El Pendo (Cantabria), xacemento declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, investigador afiliado ao Turkana Basin Institute (Quenia) e membro do King's College de Cambridge.

“É unha honra poder formar parte da Academia e contribuír dende unha plataforma como esta á mellora da ciencia no noso país. Queda moito por facer no ámbito da paridade, a transparencia ou a precariedade na carreira investigadora, e poder formar parte dun proxecto que outorgue visibilidade a todos estes retos e propoña solucións, é esperanzador”, explicou Edgard Camarós ao coñecer a nova do seu ingreso. “Hoxe en día a sociedade está a impermeabilizarse do pensamento crítico e científico. Necesitamos institucións independentes que afronten esta realidade, e a Academia é unha delas”, engade.

NOMEAMENTO

A xunta xeral da Academia elixiu dez novos académicos/as de número, entre os que se atopa o investigador da USC. No proceso de selección



participou un comité internacional independente formado por persoal investigador de gran prestixio que abarca distintas áreas do coñecemento. A esta convocatoria presentáronse 104 candidaturas. A idade media dos dez novos/as académicos/as é de 38 anos. Os seus perfís cobren diferentes ámbitos do coñecemento incluíndo arqueoloxía, filoloxía, arte, historia, ciencias do deporte, inmunoloxía, neuroloxía, fisioloxía, enxeñaría industrial, mecánica e aeroespacial ou estudo de materiais.

Ademais de Edgard Camarós, tamén pasan a formar parte da entidade María Casanova Acebes, Andrés Castellanos Gómez, Jaime de Juan Sanz, Irene Esteban Cornejo, Daniel García González, Diana Roig Sanz, Marta Sánchez de la Torre, Katherine Villa Gómez e Ricardo Vinuesa Motilva. Unha das características que distinguen a esta Academia é que a pertenza á mesma está limitada a cinco anos. Esta peculiaridade permite preservar a mocidade dos 50 académicos/as da corporación, incorporándose cada ano 10 novas persoas que substitúen a aquelas cuxa pertenza finaliza nesa anualidade.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Ranking de Revistas Xurídicas da Conferencia de Decanos e Decanas de Dereito

Xa é unha realidade o ‘Ranking de Revistas Xurídicas da Conferencia de Decanos e Decanas de Dereito de España’ despois de varios anos de traballo e un gran esforzo a distintos niveis.

O informe técnico engloba tanto a información de desenvolvemento do proxecto como os seus resultados, que consisten, por unha banda, nun índice de calidade das revistas xurídicas conforme ao criterio experto da propia comunidade académica (índice ICRED) e, por outra, nun ‘Ranking das Revistas de Dereito por Especialidades’ (RRDe) sobre a base da súa visibilidade e impacto adaptado ás especificidades do ámbito xurídico e tomando en consideración o citado ICRED.

Ambos instrumentos preséntanse á comunidade académica xurídica, pero tamén aos órganos avaliadores da mesma, como ferramentas complementarias das xa existentes e que poden servir para o exercicio da imprescindible avaliación da investigación científica levada a cabo pola comunidade de xuristas.

Pode verse e descargar o documento [na seguinte ligazón](#).

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A Cátedra do Camiño premia unha investigación sobre o papel das comunidades locais nos itinerarios xacobeos

A obra *Comunidades locais e camiños de Santiago. Alianzas e ameazas*, cuxa edición corre a cargo de Carlos Pazos-Justo, Beatriz Busto Miramontes e Susana Sotelo Docío, acaba de ser recoñecida co premio de investigación que cada ano outorga a Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, cuxa creación foi froito da colaboración entre a USC e Turismo de Galicia da Xunta de Galicia. O volume recolle dez traballos que, dende diferentes perspectivas, abordan o papel das comunidades locais no desenvolvemento dos itinerarios xacobeos. “A mirada polifónica aquí proposta reflicte os diferentes enfoques que o fenómeno xacobeo suscita na academia”, explican as tres persoas editoras da obra.

Así, entre a múltiple autoría desta obra figuran nomes da USC como é o caso da propia Susana Sotelo, investigadora predoutoral que asina xunto ao investigador da Universidade do Minho, Álvaro Iriarte, un capítulo sobre o coñecemento das prácticas dos e das visitantes a través de ferramentas de minaría textual, uso de topónimos en entrevistas e enquisas. Os profesores Emilio Carral e Marisa del Río analizan, pola súa parte, as relacións que se establecen entre a actividade comercial en Santiago de Compostela e a chegada masiva de visitantes tras a reinvenção de 1993. Ademais, a obra finaliza cun epílogo no que o decano da Facultade de Filoloxía, Elías Torres, reivindica o papel da Academia na formulación de preguntas necesarias e respostas válidas para o benestar das comunidades.

EDIUS NOVAS

A dimensión internacional da investigación, a reputación académica e a sustentabilidade sitúan á USC entre as mellores do ránking QS

O **QS World University Rankings 2024** volve situar á USC entre as mellores universidades do mundo ao ascendela ao chanzo 701-710 logo de avaliar un total de 2.963 institucións de 104 localizacións, 35 delas en España. Na **edición 2023**, a Universidade de Santiago de Compostela ocupara o posto 751-800. En concreto, a USC destaca nos eidos correspondentes á participación en redes internacionais de investigación, reputación académica e sustentabilidade.

En marzo deste ano, QS publicou tamén a súa clasificación por eidos específicos. Ciencias Naturais é a área de coñecemento na que máis destaca a USC segundo a **edición 2023 do QS World University Ranking por materias**. En concreto, a institución compostelá ocupa o chanzo 306, mentres que o ano pasado situábase no 344. Séguenlle Artes e Humanidades (337 fronte ao posto 374 da pasada edición), Ciencias da Vida e Medicina (348 fronte ao chanzo 379 do ano 2022) e Ciencias Sociais (intervalo 501-530). En total, a USC destaca en 16 materias distribuídas por todas as áreas de coñecemento.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A experimentación animal reduciuse na USC un 20% dende 2019

A experimentación animal viuse reducida na USC un 20% con respecto a 2019, ano previo ao inicio da pandemia. Esta é unha das principais conclusións do "Informe sobre o uso de animais en experimentación na Universidade de Santiago de Compostela en 2022" que a USC dá a coñecer este xoves, 15 de xuño, coincidindo co día dedicado á campaña internacional pola comunicación proactiva da investigación con animais BOARD (Be Open about Animal Research Day), coordinada pola *European Animal Research Association*. Malia que a normativa vixente non obriga ás institucións que botan man de animais en experimentación a facer públicas as estatísticas de uso, a USC súmase á xornada BOARD a través dun exercicio de transparencia coa presentación anual deste documento.

Na institución compostelá, empregáronse un total de 18.393 animais de experimentación ao longo de 2022, un número lixeiramente menor que o ano anterior. Ademais, o número de animais empregados de media en cada proxecto experimentou unha redución do 10%. En total, tal e como evidencia o informe, durante o ano 2022 realizouse experimentación con animais en catro centros da USC. Trátase do Animalario de investigación e o Acuario da RIAIDT, os dous pertencentes ao Campus de Lugo, e o Acuario da Facultade de Bioloxía, xunto co Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA), situados en Compostela. Neste senso, cómpre salientar que o número de animais reduciuse malia verse incrementado os número de proxectos autorizados que pasaron de 51 a 56.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Estudo do sistema endócrino e metabolismo

Os procedementos realizados pódense encadrar en tres tipos principais de finalidade: a investigación básica, que é o uso maioritario cun 70%; a investigación traslacional e aplicada (case o 30%); e, moi minoritariamente, o uso para a formación (apenas o 0,1%). Estas proporcións mantéñense practicamente iguais ás de anos anteriores. En investigación básica, o estudo do sistema endócrino e o metabolismo é o uso maioritario, superando o 55 % dos animais empregados para esta finalidade. Entre os obxectos da investigación traslacional e aplicada, o estudo das enfermidades dos animais constitúe a meta fundamental.

O rato é a especie máis empregada en experimentación na USC (máis do 70%), seguido do grupo 'outros peixes' (19,1%, que inclúe peixes de consumo, como linguado ou rodaballo), a rata (5,0%) e o peixe cebra (1,3%). Non se teñen empregado outro tipo de animais en experimentación nin durante o 2022 nin desde o ano 2014. "En conxunto os datos indican unha estabilización no número de animais empregados para experimentación e apuntan á evolución cara a procedementos menos severos en todos os grupos de especies", explican as persoas autoras do informe, Beatriz Magariños Ferro, José María Méndez Figueiras, Azucena Mora Gutiérrez, Sonia Vázquez Rodríguez e Anxo Vidal Figueroa.



EDIUS NOVAS

Documento de Actividades e Informes Anuais

O seguimento do labor de investigación dos doutorandos e doutorandas é avaliado anualmente pola Comisión Académica de cada Programa de Doutoramento (CAPD) a través da valoración do Documento de Actividades e do desenvolvemento do Plan de Investigación.

O Plan de Investigación é o documento que debe recoller a metodoloxía que empregará o/a doutorando/a e os obxectivos que se preten den alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para alcanzalos. O novo alumnado de doutoramento matriculado na segunda convocatoria deste curso académico aínda ten de prazo até o 31 deste mes de xullo para presentar este Plan de Investigación. Con respecto ao Documento de Actividades, o pasado 30 de xuño finalizou o prazo para que o alumnado de doutoramento subise as actividades deste curso. A partir desa data, calquera actividade que se queira subir adscribirase ao curso 2023/2024. A incorporación de documentos farase sempre a través da Secretaría Virtual do alumnado.

Previamente á avaliación por parte da CAPD, o/a titor/a director/a que figura como perfil autorizado debe aceptar ou non as actividades do doutorando ou doutoranda e, posteriormente, xerar o seu informe. Emitido o informe polo perfil autorizado, o/a coordinador/a do programa de doutoramento trasladará a avaliación da Comisión Académica á aplicación para que conste no expediente do doutorando/a nos termos de positiva ou negativa. O 1 de xullo iniciouse todo este proceso.

No caso dunha avaliación negativa, o doutorando/a volverá ser avaliado no seguinte curso. No caso de dúas avaliacións negativas en cursos consecutivos, o doutorando/a será dado de baixa do Programa de Doutoramento de forma definitiva.

O 30 de xuño comezou o proceso para a realización do Informe Anual por parte dos directores/as de tese e Programas de Doutoramento, no que valorarán tanto o desenvolvemento do seu proxecto de investigación como as actividades incluídas no Documento de Actividades. O prazo para realizar os informes anuais neste curso -establecidos por cada Programa de Doutoramento- finaliza o 30 de setembro de 2023.

